

## O MES MÁIS CRUEL

Cando Maio morreu mamá tiña corenta anos e apenas **catro** pasos camiñados desde a casa ata a estrada. Choraba coma se fose abril; ou iso pensei eu, ignorante desde a bicicleta, cando a vin pasar. Ía cara ao torreiro da festa, a tocar no baile que organizaban os xoves os da casa da cultura. Díxenlle adeus mamá e ela levantou a man sen mirar para min. Ese día, polo que comentaron despois os veciños, tocou todo valses en ton maior a un volume altísimo que non lle gustaron a ninguén.

Mamá era caixeira de supermercado na verdade e acordeonista na mentira. Tiña un instrumento branco que poñía a palabra **Luns** con letras douradas. Disque fora mercalo un día a Vigo á tenda dun señor louro e que volvera co acordeón branco ás costas e flores azuis no ventre. Aquelas flores convertérónse no noso Maio co cabelo crecho e amarelo, todo el envolto en sabas de liño. Maíño dos ollos escandinavos, Maíño da moita verba, Maíño da luz prendida xogando a que ten dúas casas e que pode ir dunha a outra sen tocar o chan. E mamá berrándolle por emporcar os coxíns cos zapatos, claro.

En canto a min, non lembro como nacín. Creo que ninguén no mundo o lembra, pero eu ainda menos. Teño moi mala memoria para as datas históricas, os nomes da xente e as cousas do principio. Neste caso só sei, polo que me contou mamá, que comecei a existir nun mes de marzo, dese anaco do mes que ainda é inverno. Son unha nena de inverno. Cheguei a tempo para apalpar o aire frío das grúas do estaleiro antes de que medrase o sol no ceo. Para min as estacións sempre foron un espectáculo, en serio, coma eses importantes: os touros ou o fútbol ou algo así grande. E está ben porque non hai que pagar polas castañas que caen naquela árbore plantada nun cadrado pequeníño de terra que sobreviviu ao asfalto. Tampouco para coller as margaridas mexadas polos cans que nos deixa a primavera. Eu fago unhas coroas de flores preciosísimas que aguantan pouco tempo vivas. Pero o bonito é o que ten, que non **dura** para sempre.

Cando entrei no edificio vin a Maio morto. Era a segunda que o vía despois de mamá. Estaba no fondo das escaleiras do primeiro andar, cos ollos abertos e o golpe aquel na cabeza. Eu collino polos brazos e chamei a unha veciña que viña desde arriba xa berrando e preguntando que pasara e onde demo estaba a nosa nai.

Os veciños agardaban, coma bos veciños de cidade, que pasase algo, que a morte fose unha fenda irreparable e que cambiase as nosas vidas para sempre ou que chorásemos cando ninguén nos vía. Pero non foi así. Maio caeu polas escaleiras porque a limpadora viñera tarde ese día e cadrara que estaban molladas ao baixar el. E cando chegou ao fondo do primeiro piso el e os seus sete **anos** de vida estaban mortos. E foi pena e tristura e moitos adxectivos parecidos pero nada más. E parece que contar isto non merece unha historia, porque moitos nenos morren en todas partes. Moitos fillos de acordeonistas caixeiras morren en todas partes.

Aínda así, creo que tamén teño dereito a encher os papeis brancos. Para min o meu irmán era único, supoño que coma case todos os irmáns da xente. Cando chega o mes de maio, na mesa lembramos o día que se puxo a cantar o himno ese por todo o corredor cun caldeiro vermello na cabeza pronunciando moi esaxeradas as palabras que tiñan erre sobre. Aquel día mamá fora un anaquiño feliz, e cada vez que contabamos esta historia e moitas outras volvía ser un anaquiño feliz e un anaquiño triste. Pero este último xa era de case sempre. E eu por ese anaquiño feliz escribo as páxinas que fagan falta e invento que Maio caeu **baixando** polas escaleiras. Así mamá non pensa que foi culpa súa e deixa de falar do imposible que é ir dunha casa a outra sen tocar o chan e deixa de chorar como se fose abril todos os días do ano.

---

### **Eu e mais mamá**

Como puideches nacer  
en mil novecentos sesenta e **catro**?

Se es unha mosca  
morres antes de haber castañas  
e non podes atoparlle  
nada agradable ao outono.  
Abres a mesa pregada e convertes  
en mantel vermello o século XX  
para os meus ollos.

Despois fálasme da risa  
que naquel tempo era igual que a miseria  
pero de cores más vivas.

### **Eu**

Canto **dura** a alma gris daqueles barcos?  
Os solpores son más caros canto más ao norte.  
Eu achégome ás sardiñas e pregúntolle  
a canto están na lonxa e se o aire  
se parece á auga e despois respiramos xuntas.  
Elas tampouco saben como naceron.  
Decatádesvos?

## Mamá e mailo señor louro

Se boto a vista atrás aínda me cheira  
á distancia percorrida a través das estacións.  
A por que te chamei **Iuns** desde aquela tarde  
ou por que hai un neno con nome de mes  
nadando polos canos das fontes más insospeitadas.

O futuro está correndo,  
malgastando auga.  
Nunca haberá manta abonda  
para taparnos do frío que teremos  
e aínda así este único día  
seguirá abierto e posible  
como as tapas dos pianos.

O tempo soará para sempre  
a tres pasos e valse,  
tres pasos e valse,  
tres pasos  
e valse.

## Mamá e mais Maio

Eu admírote a ti e aos poucos **anos**  
que portaches coma o coiro da maleta.

Cantos meses ten o sofío que pisamos?

No meu ventre medrou o século XXI  
por iso es unha illa e mergúllome para entenderte.  
Contigo si que non teño a outra parte do meu aquí  
pero teño o arrecendo desta hora  
e os pés descalzos que combinan  
con todas as saias.  
Por iso non son triste.

## Mamá e mais eu

Queremos ser o abril benevolente.  
Queremos trinta días sen naufraxio.

Hai unha pinga de auxilio  
no ritmo da túa canción.

Existe o acordeón a duras penas.  
Baleas de madeira, contrabaixos.  
Buscaramos a casa de acuarela e sonata  
e o tempo espreméndonos as gorxas.

Pero hai unha soa voz dentro de cada desastre  
e as paisanas non sabemos como ler a partitura.

Agardo en todos os lugares  
daqueles teus corenta anos.  
Especialmente os que teñen  
zorras **baixando** pola neve e lilas.

Eu quisen pouesar quietude  
sobre as vértebras da tarde.  
Por iso me chamo xuño entre os teus brazos.